



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 16.05.2017**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 16.05.2017

HORA DE COMEZO: 11:40 h.

HORA DE REMATE: 12:35 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D^a. Gloria M^a Pena Uris

D. José M^a Franco García

D. César Blanco Gómez

D^a. Marta Iglesias Bueno

D^a. Mercedes Castro Mouzo

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Carlos Mollinedo Lois

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 16 de maio de 2017, ás 11:40 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14.03.2017).
2. Informe do presidente:
 - Memoria final do proxecto de formación de titores para a mentoría.
3. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver en Pontevedra o espazo urbano para emprendedores "Pont Up Store 201" (cuarta edición).
4. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para unha nova convocatoria das Bolsas "Ourense exterior" a desenvolver no curso 2017/2018.
5. Acordo que proceda sobre o apoio solicitado para a organización do "XI Congreso da Asociación ibérica de endocrinoloxía comparada", promovida dende a Facultade de Bioloxía e o Centro singular mariño ECIMAT.
6. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver en Pontevedra un campus de verán para aprendizaxe de tecnoloxía e procesos de creación innovadores, dirixido a alumnos de Belas Artes, Comunicación e Educación, vencellado ao Campus Crea S2i.
7. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración no financiamento do "Curso de orientación académica de enerxías renovables", na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
8. Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, sobre a proposta de colaboración anual coa Fundación Universidade de Vigo para 2017. Asignación económica.
9. Acordo que proceda sobre a edición e distribución de carpetas-guía para entrega aos novos alumnos da Universidade de Vigo no curso 2017/2018. Asignación económica.
10. Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada para a organización dun curso sobre "As implicacións das zonas francas no comercio internacional".
11. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, e xustifica a ausencia de dona Ana Isabel Vázquez Reboredo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14.03.2017).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente. Memoria final do proxecto de formación de titores para a mentoría

Don Ernesto Pedrosa dá conta da memoria final, remitida pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, do proxecto de implantación dun modelo tutorial baseado na Mentoría, financiado polo Consello Social en 2016 con 12.000 €. A iniciativa permitiu a formación de profesores para que para que á súa vez formen a estudantes dos últimos cursos para que actúen como mentores do alumnado de primeiro curso. Estes profesores substituirán nesa labor a profesionais alleos á UVigo, cuxo servizo comportaba un elevado custo. Este ano académico será o primeiro no que o profesorado se encargará da formación, nos seguintes Graos: Tecnoloxías de comunicacións, Linguas estranxeiras, Recursos mineiros e enerxéticos, Enerxía e Química, que son os cinco que participan no proxecto denominado MEET-UVigo.

O presidente informa finalmente de que foron rexeitadas sendas solicitudes de axuda, presentadas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, e polo equipo de fútbol-sala do PAS da Universidade de Vigo.



PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver en Pontevedra o espazo urbano para emprendedores "Pont Up Store 2017" (cuarta edición).

Explica don Ernesto Pedrosa que dende a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación auspíciase este evento en Pontevedra, previsto entre os días 21 e 23 de setembro de 2017 na cidade, concibido como un espazo referencia para emprendedores de Galicia. Os obxectivos son que os emprendedores poidan testar os seus produtos no mercado directo, atopen distribuidores e posibles inversores. Polo interese da iniciativa, a Comisión ACORDA manter o importe da axuda concedida en 2016.

- ***Apróbase unha axuda de 3.600 €.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para unha nova convocatoria das Bolsas "Ourense exterior" a desenvolver no curso 2017/2018.

Subliña o presidente que, en convenio coa UVigo e a Deputación de Ourense, o obxecto das bolsas que se convocan para o curso 2017/18 é facilitar a mobilidade de estudantes residentes no estranxeiro para que poidan incorporarse a primeiro de mestrado no Campus de Ourense. O pasado curso presentáronse 8 solicitudes e foron cinco os admitidos. A Comisión ACORDA

- ***Aprobar unha achega de 5.500 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre o apoio solicitado para a organización do "XI Congreso da Asociación ibérica de endocrinoloxía comparada", promovida dende a Facultade de Bioloxía e o Centro singular mariño ECIMAT.

Consonte se desprende da documentación que se achega, a Facultade de Bioloxía reunirá no próximo mes de xullo a investigadores que presentarán nestas xornadas os seus últimos resultados científicos, con alta presenza de grupos maioritarios de investigación de España e Portugal relacionados coa endocrinoloxía comparada no eido da acuicultura de peixes. A proposta do presidente, a Comisión ACORDA

- ***Conceder unha axuda de 1.500 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver en Pontevedra un campus de verán para aprendizaxe de tecnoloxía e procesos de creación innovadores, dirixido a alumnos de Belas Artes, Comunicación e Educación, vencellado ao Campus Crea S2i.

A desenvolver en maio, xuño e xullo, dentro do marco do Campus CREA S2i e o "Festival Sinsal San Simón", posibilitará que os alumnos elixidos leven a cabo e amosen os seus proxectos en programación creativa, sistemas interactivos, creación audiovisual ou prototipado. Don Ernesto Pedrosa resalta o interese da actividade, e dona Gloria M^a Pena destaca a maior implicación da Universidade de Vigo na programación, organización e desenvolvemento das actividades, a diferenza de anos anteriores nos que as decisións as tomaban os patrocinadores. Conveñen os presentes en manter o importe da axuda concedida en 2015, dada a relevancia do evento. A Comisión ACORDA

- ***Conceder unha axuda de 3.000 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración no financiamento do "Curso de orientación académica de enerxías renovables", na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Comenta don Ernesto Pedrosa distintos aspectos da petición presentada pola Escola de Enxeñaría de Minas, que promove esta iniciativa para orientar ao alumnado profesionalmente no mercado laboral e proporcionarlle coñecementos no sector emerxente das enerxías renovables e na influencia que vai a ter nas políticas económicas e de emprego das sociedades. Aplícase a redución do 20% respecto a axuda outorgada para a edición anterior. A Comisión ACORDA

- ***Colaborar con 1.800 €.***



PUNTO 8

Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, sobre a proposta de colaboración anual coa Fundación Universidade de Vigo para 2017. Asignación económica.

O presidente comunica as liñas principais da proposta dun novo acordo de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo, para a realización de actividades de común interese, entre elas a realización do informe final do programa denominado "Identificación de necesidades formativas en competencias transversais; prospección de empresas e plan de colaboración coas mesmas", deseñado en 2015. Tamén dará continuidade ao traballo "Informe de prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións. Curso académico 2016/17", que permitirá identificar os perfís profesionais de maior demanda e os sectores empresariais que amosan maior dinamismo, así como analizar a correlación entre a formación do alumnado e as necesidades empresariais.

Aclaradas polo presidente e polo secretario distintas preguntas e dúbidas expostas por don José Maria Franco, a Comisión ACORDA

- ***Elevar ao Pleno a proposta de asignación de 30.000 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a edición e distribución de carpetas-guía para entrega aos novos alumnos da Universidade de Vigo no curso 2017/2018. Asignación económica.

Como é xa habitual nos últimos cursos, propónse a elaboración de carpetas-guía para facilitar a acollida dos novos alumnos que se matriculan por primeira vez na Universidade de Vigo para o curso 2017/2018. Tamén será entregada aos estudantes estranxeiros de intercambio, e aos alumnos de intercambio SICUE, a petición do SIOPE, cunha cifra total estimada de unidades próxima a 4.000. Novamente serán tidas en conta as indicacións que achegue a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ou calquera outra instancia interesada para a incorporación dos datos de interese que se inclúan finalmente na carpeta. Tense así mesmo en conta unha dotación para contratar a distribución das carpetas no caso de que non existan voluntarios na Universidade de Vigo que poidan facer o traballo. Para elevación ao Pleno, a Comisión ACORDA

- ***Aprobar para a impresión das carpetas unha dotación máxima de 8.000 €, e 800 € para a distribución.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada para a organización dun curso sobre "As implicacións das zonas francas no comercio internacional."

Dirixido aos alumnos de Grao e Posgrado de Ciencias xurídicas, ademais de profesionais, o programa das xornadas reúne a investigadores de Vigo, España, Italia, Uruguay e Holanda para analizar cuestións de carácter xurídico-tributario e as consecuencias da regulación actual. Dona Gloria M^a Pena e don César Blanco fan sendas consideracións sobre a diferente calidade dos cursos que solicitan axudas do Consello Social e sobre as capacidades económicas dos solicitantes para organizalos de seu. A Comisión ACORDA

- ***Conceder unha axuda de 1.800 €.***

PUNTO 11

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:35 horas do 16 de maio, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias